

PMC/rcr

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONTRATACIÓN DAS VISITAS GUIADAS DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO**

Exp. núm.: 2024002218

A presente memoria emítese en referencia e complemento ao establecido na providencia de inicio do servizo solicitante, de data 20/02/2024 (CSV: RHXQWO288AKQJGVA)

**1. Servizo solicitante:**

Estación Fitopatolóxica do Areeiro

**2. Necesidade e idoneidade do contrato:**

Actualmente Areeiro conta cun elevado prestixio como centro de investigación, e os seus xardíns están altamente valorados pola cidadanía, o que deriva nun incremento continuo de solicitudes para a realización de visitas por parte de colexios, universidades, centros de formación, obradoiros e mesmo particulares.

O persoal da Estación está dedicado aos labores correspondentes á propia estación e a dar servizo á cidadanía, polo que, falta persoal que dispoña de tempo e estea especializado en atención ao público para a realización das visitas guiadas.

Por estas razóns, desde a Estación téntase buscar un sistema que permita mostrar e divulgar de maneira adecuada, o patrimonio da Deputación na Finca Areeiro.

A apertura dos xardíns ao público, cun sentido didáctico e formativo, realizado por un guía especializado e formado, permite dar a coñecer o traballo que se está a facer e o patrimonio que forman os seus xardíns, sen que se vexa afectado o traballo propio do persoal do servizo.

A Deputación de Pontevedra nun exercicio de transparencia e de servizo á cidadanía, busca establecer un servizo de visitas guiadas para divulgar as tarefas que se realizan no Servizo Estación Fitopatolóxica de Areeiro e, consonte co establecido no artigo 38.1 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e Innovación, "As Administracións Públicas fomentarán as actividades conducentes á mellora da cultura científica e tecnolóxica da sociedade a través da educación, a formación e a divulgación, e recoñecerán adecuadamente as actividades dos axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación neste ámbito".

O persoal técnico da Estación non está formado como guía turístico, senón que está formado por técnicos especialistas cada un na a súa tarefa, e está dedicado ás labores correspondentes á propia estación e a dar servizo á cidadanía, polo que, falta persoal que dispoña de tempo e estea especializado en atención ao público para a realización das visitas guiadas.



### 3. Obxecto do contrato:

<b>Réxime xurídico:</b>	<p>Lei 9/17, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> ADMINISTRATIVO*   <input type="checkbox"/> ADMINISTRATIVO ESPECIAL   <input type="checkbox"/> PRIVADO</p> <p>*A natureza do contrato encádrase no artigo 312 LCSP "contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía".</p> <p>O réxime xurídico regulador das prestacións en favor dos administrados regúlase nas Bases que foron aprobadas pola Resolución Presidencial número 2024002395 de data 21/03/2024.</p>	
<b>Tipo:</b>	<p><input type="checkbox"/> OBRA   <input checked="" type="checkbox"/> SERVIZO   <input type="checkbox"/> SUBMINISTRACIÓN</p> <p><input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE OBRAS   <input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE SERVIZOS   <input type="checkbox"/> MIXTO</p>	
<b>Regulación harmonizada:</b>	<p><input type="checkbox"/> SI   <input checked="" type="checkbox"/> NON</p>	
<b>Obxecto e contido:</b>	<p>Contratación do servizo de xestión e guía das visitas á Estación Fitopatolóxica Areiro.</p> <p>Concretamente incluirá:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestión e programación das solicitudes de visitas</li> <li>• A realización das visitas guiadas</li> <li>• A remisión de información relativa ao desenvolvemento das visitas.</li> <li>• Subscrición contrato de responsabilidade civil.</li> </ul>	
<b>CPV:</b>	63514000-5 Servizos de guías de turismo	
<b>Lotes:</b>	<input type="checkbox"/> SI	Son os seguintes: -
	<input checked="" type="checkbox"/> NON	<p><u>Xustificación:</u></p> <p>Na providencia, de data 20/02/2024, a xefa do servizo da Estación Fitopatolóxica do Areiro informa que "dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista organizativo ao ser necesario coordinar a xestión e programación das visitas coa súa realización práctica", considerando este un dos motivos válidos que recolle a Lei no seu artigo 99.3 para a non división en lotes.</p>
<b>Admisión de variantes:</b>	<p><input type="checkbox"/> SI, estableceranse no prego.   <input checked="" type="checkbox"/> NON</p>	



#### 4. Duración

PRAZO DE EXECUCIÓN     PRAZO DE DURACIÓN

O prazo de duración do contrato será dun ano dende a súa formalización.

**Prórroga/s:**  SI     NON    Número: 3    Duración: unha anualidade cada unha

#### 5. Orzamento base de licitación:

(límite máximo de gasto, incluído IVE):

35.363,93 €

Co seguinte desglose:

<b>1. Custos directos</b> (persoal, desenvolvemento, xestión e programación visitas, recollida e remisión información)	26.043,60 €
<b>2. Custos indirectos</b> (seguro responsabilidade civil)	300,00 €
<b>3. Gastos xerais</b> (5% dos custos directos)	1.302,18 €
<b>4. Beneficio industrial</b> (6% dos custos directos e indirectos)	1.580,61 €
<b>Orzamento base de licitación, sen IVE</b>	<b>29.226,39 €</b>
<b>IVE (21%)</b>	<b>6.137,54 €</b>
<b>Orzamento base de licitación, con IVE</b>	<b>35.363,93 €</b>

Prezos unitarios de licitación:

Concepto	Unidades máximas estimadas	Prezo unitario de licitación sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario de licitación co IVE
Visitas	132	221,41€	46,50 €	267,91€

As obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro do contrato, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria. A adxudicación farase en base aos prezos unitarios.

#### 6. Valor estimado:

(importe total, sen IVE, estimado como pagadoiro)

<b>1. Orzamento base de licitación sen IVE:</b>	29.226,39 €
<b>2. Eventuais opcións e/ou prórrogas (sen IVE):</b>	87.679,17€ (3 prórrogas)
<b>TOTAL:</b>	<b>116.905,56 €</b>



7. Prezo:

a. Sistema de determinación:

- PREZOS UNITARIOS       PREZO A TANTO ALZADO       PREZOS PROVISIONAIS

b. Revisión:

- SI       NON

c. Pago:

- TOTAL     PARCIAL     MEDIANTE ABONOS A CONTA     NOS VENCEMENTOS ESTIPULADOS

8. Procedemento:

a. Tramitación:     ANTICIPADA       ORDINARIA       URXENTE\*       DE EMERXENCIA

\* Nota importante: De conformidade co establecido no artigo 119 LCSP, no caso de tramitación urxente, os prazos establecidos nesta Lei para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse a metade, coas salvidades sinaladas en dito artigo. O prazo de inicio da execución do contrato non poderá exceder dun mes, contado desde a súa formalización.

b. Xustificación da urxencia ou emerxencia:

- NON PROCEDE.

c. Órgano competente:

- PRESIDENTE\*

\*Competencia delegada na deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación (Resolución Presidencial núm. 2024002173, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2024002205, de 15 de marzo de 2024).

XUNTA DE GOBERNO (Base núm.16.2 das Bases de Execución do vixente Orzamento, de delegación das competencias da Presidencia).

- PLENO.

d. Procedemento de adxudicación:

- |  |   |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> ABERTO  | <input type="checkbox"/> LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN   |
| <input checked="" type="checkbox"/> ABERTO SIMPLIFICADO                  | <input type="checkbox"/> NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE    |
| <input type="checkbox"/> ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Art. 159.6 LCSP) | <input type="checkbox"/> DIÁLOGO COMPETITIVO          |
| <input type="checkbox"/> RESTRINXIDO                                     | <input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN |



**e. Xustificación da elección do procedemento de adxudicación:**

Co obxecto de promover a celeridade e obxectividade nos procedementos, optarase, como regra xeral, polo procedemento máis áxil permitido legalmente, sendo, neste caso, o seguinte:

- |  |  |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.        | <input type="checkbox"/> Suposto do artigo 167 LCSP. |
| <input checked="" type="checkbox"/> Concorrenza das condicións do artigo 159.1 LCSP. | <input type="checkbox"/> Suposto do artigo 168 LCSP. |
| <input type="checkbox"/> Concorrenza das condicións do artigo 159.6 LCSP.            | <input type="checkbox"/> Suposto do artigo 177 LCSP. |

Xustificación:  Maior axilidade.  Solicitado polo Servizo Xestor.

**9. Criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira.**

Os medios para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional poderanse realizar mediante a achega dos documentos que a Lei establece entre os previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

**Criterio de solvencia económico-financiera:** Volume anual de negocios (art.87.1 LCSP)

Determinación: Unha vez e media ou valor do contrato (art.87.1 a) LCSP)

**Criterio de solvencia técnica ou profesional:**

- Relación das obras executadas no curso dos derradeiros cinco anos (art.88.1 a) LCSP)
- Relación das principais subministracións realizadas no curso dos derradeiros tres anos (art.89.1 a) LCSP)
- Relación dos principais servizos ou traballos realizados no curso dos derradeiros tres anos (art.90.1 a) LCSP)

Determinación: O importe anual acumulado non ano de maior execución debe ser igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato. (art. 88.3 /89.3/90.2 LCSP)

**\*Criterio de solvencia técnica ou profesional para as empresas de nova creación** (antigüidade inferior a cinco anos):

<input checked="" type="checkbox"/> SI	<p><u>Motivo:</u></p> <p><input type="checkbox"/> Contrato de obras de valor estimado inferior a 500.000,00 euros.</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Contrato de servizo/subministración non suxeito a regulación harmonizada.</p>
	<p><u>Determinación:</u></p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Declaración indicando maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, ao que se xuntará a documentación acreditativa pertinente cando sexa requirida polos servizos dependentes do órgano de contratación.</p>
<input type="checkbox"/> NON	

Coa solvencia seleccionada preténdese asegurar a capacidade da empresa contratista para facer fronte ás obrigacións que poda contraer, e garantir que dispón dos medios materiais, persoal, cualificación,



coñecementos, fiabilidade e experiencia axeitados para acometer, con garantías de éxito, a execución do contrato.

Esta necesidade de solvencia indicárase no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallárase nos pregos, de xeito que os criterios estean perfectamente determinados conforme aos referenciados na propia Lei, e relacionados co importe e obxecto do contrato.

#### 10. Criterios de adxudicación do contrato:

##### a. Pluralidade de criterios:

SI: Mellor relación calidade-prezo     SI: Mellor relación custe-eficacia     NON

Co obxecto de promover a axilidade e obxectividade nos procedementos, optárase, como regra xeral, por incluír criterios avaliábeis mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, xa sexan criterios cualitativos ou económicos.

##### b. Xustificación:

NON PROCEDE.

##### c. Fórmula:

Establécese nos pregos.

NON PROCEDE.

##### d. Xustificación da fórmula:

A elección da fórmula ven motivada por considerar que garante a selección da oferta economicamente máis vantaxosa tal e como se establece no artigo 1 LCSP. Esta fórmula incentiva ás empresas licitadoras a propor a mellor baixa posible para tentar que dita baixa sexa superior á baixa media de todas as presentadas (bm), establecendo para iso dous tramos (un para as baixas que son inferiores ou iguais á baixa media, e outro para as baixas superiores a dita baixa media) nos cales as elasticidades das puntuacións presentan diferentes comportamentos de forma gradual, obtendo unha maior puntuación e de forma progresiva aquelas baixas que son superiores á baixa media.

Valores anormais

Basease a determinación da desproporcionalidade exclusivamente no criterio do prezo, xa que os demais criterios non se consideran transcendentales para estes efectos.

NON PROCEDE.

e. Melloras:     SI, estableceranse no prego.     NON



#### 11. Condicións especiais de execución:

Por mandato do artigo 70 da Directiva 2014/24, o art. 202 LCSP concede aos órganos de contratación a posibilidade de establecer, nos pregos, condicións de execución dos contratos de tipo social, ambiental e de innovación, establecendo a obriga de que en todos os pregos se inclúa polo menos unha.

Por este motivo, nas cláusulas particulares do prego estableceranse varias condicións especiais, que pretenden, entre outras cousas, preservar a linguaxe inclusiva, asegurar o pagamento ás empresas subcontratistas ou que as condicións de traballo se rexan polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente.

#### 12. Outras indicacións:

##### a. Redacción dos pregos:

Deberanse redactar uns pregos, que poderán incluír cales queira pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, tendo en conta que o contrato non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigacións para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, no xeito que resulte da proposición do adxudicatario.

##### b. Preparación do expediente:

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, de conformidade co establecido no artigo 116 LCSP. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que vaian a rexer o contrato, o certificado da existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención. Completado o expediente, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobándoo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. A devandita resolución implicará tamén a aprobación do gasto, e deberá publicarse no perfil do contratante.

##### c. Inicio da licitación:

Publicarase un anuncio de licitación, segundo o establecido no artigo 135 LCSP, no que se indicará o prazo aprobado polo órgano de contratación para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación, segundo corresponda, que en todo caso deberá respectar os seguintes prazos mínimos:

- PROCEDEMENTO ABERTO NON SARA: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, concesión de obras e concesión de servizos: 26 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTO ABERTO SARA: En obras, subministracións e servizos, 35 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea. Dito prazo poderá reducirse a 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, de conformidade co artigo 156.3.c) LCSP, dado que a presentación de ofertas se realiza por medios electrónicos.



En concesión de obras e concesión de servizos: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

- PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, 20 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Artigo 159.6 LCSP): 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En compras correntes de bens dispoñibles no mercado, 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO NON SARA: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación.
- PROCEDEMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO SARA: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- PROCEDEMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN NON SARA: 20 días naturais, contados desde a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN SARA: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación.
- PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE: Neste procedemento non se realizará anuncio de licitación previa. Os prazos mínimos para a presentación de ofertas serán de 10 días naturais, a contar desde o envío da invitación.

#### d. Publicidade:

- Perfil do contratante. Coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, a Deputación de Pontevedra publicará todas as noticias, avisos e documentación relativa aos seus procedementos de contratación no seu perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Nos procedementos negociados sen publicidade publicarase a adxudicación e formalización do contrato no Perfil do contratante.

- Diario Oficial da Unión Europea.
- Outros: Vortal

O que se informa aos efectos oportunos.

(Documento asinado electronicamente).

MEMORIA XUSTIFICATIVA\_2.0

8

